

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AUGAS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 2 de setembro de 2022 pola que se modifica a Resolución do 5 de xullo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, para a mellora do estado das instalacións de captación, potabilización e almacenamento de comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU232A).

O 19 de xullo de 2021 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 5 de xullo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, para a mellora do estado das instalacións de captación, potabilización e almacenamento de comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU232A).

O 25 de maio de 2022 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 16 de maio de 2022 pola que se modifica a Resolución do 5 de xullo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, para a mellora do estado das instalacións de captación, potabilización e almacenamento de comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU232A).

Esta resolución modifica o artigo 22 da Resolución do 5 de xullo de 2021 e establece o seguinte:

1. As comunidades de usuarios beneficiarias terán de prazo para presentar a correspondente xustificación ata o 15 de setembro de 2022.

O 15 de xuño de 2022 a Dirección de Augas de Galicia ditou unha resolución pola que se amplía o crédito da convocatoria de subvencións, publicada no *Diario Oficial de Galicia* o 28 de xuño de 2022.

O 16 de xuño de 2022 ditáronse resolucións de concesión de subvencións ao abeiro da ampliación de crédito indicada no parágrafo anterior.

Con posterioridade ao outorgamento das subvencións recibíronse en Augas de Galicia comunicacións de comunidades de usuarios beneficiarias solicitando a ampliación do prazo de xustificación.



Na situación económica actual as comunidades de usuarios atópanse con dificultades para poder executar as obras no prazo establecido, a causa tanto dos problemas das empresas para adquirir material como a suba de prezos que incrementa os problemas de financiamento das comunidades de usuarios.

Isto tivo como consecuencia que hoxe en día a gran maioría das comunidades de usuarios ás cales se lles concedeu a subvención no mes de xuño de 2022 non puideron presentar a documentación xustificativa.

O artigo 45.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Por outra banda, remítese ao disposto con carácter xeral no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en que se indica que a ampliación poderá acordarse de oficio ou por instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellasen.

As bases reguladoras non conteñen precepto en contra da ampliación do prazo de xustificación.

A ampliación do prazo non causa prexuízo a terceiros.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e condicións previstos na normativa anteriormente citada e tendo en conta todo o exposto,

RESOLVO:

Artigo único. Modificación da Resolución do 5 de xullo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, para a mellora do estado das instalacións de captación, potabilización e almacenamento de comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU232A)

Modifícase o número 1 do artigo 22 da Resolución do 5 de xullo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència



competitiva, para a mellora do estado das instalacións de captación, potabilización e almacenamento de comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU232A), que queda redactado como segue:

«1. As comunidades de usuarios beneficiarias terán de prazo para presentar a correspondente xustificación ata o 15 de novembro de 2022».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución producirá efectos desde o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2022

Ethel María Vázquez Mourelle
Presidenta de Augas de Galicia

CVE-DOG: gfe0bun7-98j3-ffl2-mxk9-imfoqgqkma6

